

primavera

febreiro | marzo | abril | maio

#primaveractiva #mocidade


#educación #voluntariado

#igualdade

tomiño



—
axenda
— 2022





⋄ primaveractiva

≡ mocidade

◇ educación

▶ voluntariado

igualdade

—

febreiro



febreiro
mocidade _



02 
mércores

ata mércores
20 de abril

Curso de iniciación á guitarra

Para realizar este curso non é preciso ter ningún coñecemento musical previo. Unha parte do contido da formación está baseada no método “Rock School of London”, coa autorización de dZetta Music Center Vigo, escola á que pertence o docente. O alumnado recibirá formación sobre acordes, modos, harmonía moderna aplicada ao instrumento, técnica... Malia que este método está máis pensado para guitarra eléctrica, pódese adaptar á clásica ou acústica. Curso impartido polo tomiñés Andrés Tito (Heissel).

Todos os
mércores de
19.00 a 20.30 h

A partir de 12
anos

Espazo de Goián

Prezo: 20€

mocidade _



05 
sábado

Curso básico de xaponés A1

Este curso ten como obxectivo adquirir coñecementos básicos comunicativos na lingua xaponesa: comprensión auditiva, lectora, expresión verbal e escrita. Destinado á mocidade sen coñecementos previos da lingua.

Todos os
sábados de
19.00 a 21.00 h

Duración: 40 h

De 12 a 35 anos

Online

Prezo: 15€

febreiro
_educación

VII Semana da Educación 2022

TransFORMANDO a sociedade,
educando na diversidade

Do 7 ao 10 de febreiro (19.00 h)

Auditorio de Goián



semana DA EDUCACIÓN
2022 Concello de Tomiño



Luns 07 | 19.00 h

José Antonio Fernández Bravo
**'Ensinar dende o cerebro de
quen aprende'**



Martes 08 | 19.00 h

Maitane Alonso Monasterio
'1+1≠2'




Mércores 09 | 19.00 h

Clara Grima
**'Na procura do grafo
perdido'**



Xoves 10 | 19.00 h

Julio Basulto
'Educar dende a mesa'





luns
07

19.00 h

José Antonio Fernández Bravo

Ensinar dende o cerebro de quen aprende


Hai que manter na ensinanza principios, motivos e resultados que amosaron dabondo a súa valía, pero tamén hai que desatar ligaduras e superar costumes de dubidoso acerto. Hoxe xa non se trata de que nenos e nenas aprendan como nós ensinamos, senón de que nós ensinemos como eles e elas aprenden. Como é posible a atención á diversidade sen unha diversidade de atencións?

Non é cuestión de dotar a aula de... senón de atopar á mestra ou mestre capaz de facer que o alumnado xere ideas con... Non é cuestión de paradigmas, nin sequera é cuestión de metodoloxía, senón dun cambio radical do estado mental e nivel de consciencia dende o que sexa posible ensinar dende o cerebro de quen aprende e construír a escola que non existe para aqueles e aquelas que non chegan, que non queren, que non poden...

Maitane Alonso Monasterio

1+1≠2

Cando temos unha idea que cremos que ten potencial para crear un impacto positivo na sociedade, como imos deixala gardada nun caixón? Da curiosidade á realidade, pasando pola educación.



martes
08

19.00 h



Clara Grima

Na procura do grafo perdido

A simple vista poderíase pensar que un grafo é un debuxo simple realizado a partir de puntos e raias que unen a algúns destes por parellas. Pero se nos achegamos un chisco máis e os observamos con cariño e paciencia, os grafos son uns obxectos matemáticos fascinantes cunha chea de aplicacións sorprendentes, que serven para analizar as redes sociais, deseñar unha liga de fútbol ou organizar un banquete de voda. E sempre do xeito máis eficiente. E divertido. Nesta charla imos amosar como estas ferramentas, en aparencia moi sinxelas, teñen un potencial impresionante para modelar situacións e conflitos cotiáns e resolvelos de forma óptima. Só hai que ser curiosa e saber usar algo no que, de momento, non nos gañan os ordenadores: intuición e sentido común.

Julio Basulto

Educar dende a mesa

Compartir a mesa coas nosas fillas e/ou fillos é moi importante para mellorar a súa saúde. Moito máis do que acostumamos a crer. Se queremos que o dito momento sexa unha ferramenta educativa e de prevención, como debemos abordalo? Ou, aínda mellor, que é o que non debemos facer? Na súa conferencia, o nutricionista Julio Basulto detallará os múltiples beneficios que exerce comer a cotío coa nosa prole sobre a súa saúde física e emocional, e compartirá estratexias para que ese momento se convirta nun espazo de aprendizaxe (por parte de persoas adultas e menores) e, sobre todo, amor.



mércres

09

19.00 h



xoves

10

19.00 h

febreiro
– primaveractiva

20
domingo



Ás 17.30 h
Público familiar a
partir dos 5 anos
Auditorio de
Goián
Prezo: 3€
persoas adultas
e 1,5€ menores
de 12 anos

‘Ás para Álex’, de Baobab Teatro

Álex ten oito anos e, coma a calquera neno da súa idade, encántalle correr, xogar, quedar coas súas amigas e amigos, ir ao parque e ao fútbol que é a súa paixón. Pero un día ten que deixalo todo porque o seu corpo non responde, non camiña... Esta é unha peza comprometida, divertida e cargada de verdade e tenura, tocando unha temática moi delicada: o cancro infantil. Tamén é a necesidade dun sentimento de esperanza como unha menciña máis para superar esta enfermidade e destaca a importancia de topar persoas no camiño que conviden a soñar. Neste espectáculo mestúranse o teatro de actor, de obxectos e de monicreques coa proxección audiovisual e a animación.

– primaveractiva

Venres de Foliada

25
venres
Ás 21.30 h



—

marzo



marzo

–mocidade

01

martes

ata martes
22 de marzo



Obradoiro online de iniciación á cociña vegana sen glute

Neste curso aprenderemos a elaborar receitas veganas e sen glute dende as materias primas, como o tofu ou o tempeh por exemplo, ata a preparación do prato final. Ao rematar, as persoas participantes terán un recetario saudábel e equilibrado.

Todos os martes
de 18.00 a 19.30 h

A partir de 14 anos

Online

Prezo: 15€

–mocidade

04

venres

ata sábado
28 de maio



Curso de autodefensa feminista

A defensa persoal feminina, ademais de ser un ben social en termos de mellora da saúde, vitalidade e reforzo das capacidades e habilidades, constitúe un reto en termos de ensinalle ás mulleres a como protexer a súa integridade a través de técnicas específicas de defensa persoal nun ambiente seguro, próximo e cálido. A Autodefensa Feminista é un elemento indispensable de protección e loita contra a violencia machista.

Venres de 17.00
a 18.30 h ou
sábados de 10.30
a 12.00 h (horario
a escoller)

A partir de 12 anos

Tomoiño

Prezo: 10€

#igualdade

marzo
mociidade _



05
sábado



ata domingo
10 de abril

Curso de monitor/a de tempo libre (título oficial)

Horario presencial: sábados e domingos de 09.00 a 14.00 h e de 15.30 a 20.30 h, dende o sábado 5 de marzo ao sábado 9 de abril

Horario online: 3, 4, 11, 18, 25 e 31 de marzo e 1, 8 e 10 de abril

A finalidade desta acción formativa é que as persoas maiores de idade consigan a titulación de monitor/a de lecer e tempo libre homologada pola Xunta de Galicia para, deste xeito, poder traballar en campamentos, ludotecas, empresas de lecer, concellos...

Duración: 350 h
(150 h prácticas)

A partir de 18 anos e con estudos de graduado escolar, ESO ou equivalente

Escola Obradoiro de Goián

Prezo: 196€ por persoa se son cubertas todas as prazas

primaveractiva _



05
sábado



‘Leira’, de Nova Galega de Danza

Unha proposta de Nova Galega de Danza na que o corpo e a terra estréitanse, que fala da dureza do traballo no campo en Galicia pero tamén da implicación, do esforzo e da beleza que supón. Todo iso aderezado coa dozura que achega a voz e música en directo de Rosa Cedrón.

Ás 21.00 h

Todos os públicos

Auditorio de Goián

Prezo: 7€

marzo
–primaveractiva

12
sábado



Ás 21.00 h
A partir de 12
anos
Auditorio de
Goián
De balde

‘A señora de Forcadela’

A través do programa da Deputación de Pontevedra “O pasado por vir”, chega ata Tomiño esta escenificación teatral inspirada na historia de Josefa García Segret e noutras mulleres galegas represaliadas a partir de xullo de 1936.

–primaveractiva

13
domingo



Ás 17.30 h
Público infantil e
familiar
Auditorio de
Goián
Prezo: 3€
persoas adultas,
menores de 12
anos 1,5€

Contacontos ‘Procúrase Pepa A Loba’, de Cris Collazo

A compañía A Cova das letras trae este espectáculo onde a danza e a música fúndense coa natureza, poñendo en valor a amizade e a perspectiva de xénero.

É 1890, día da inauguración da taberna de Pepa a Loba. A súa gavela ao completo: Xan Quinto O vello, Maninocente e Calamity Jane celebran este día tan esperado, pero... un cobizado tesouro escóndese moi preto e só ela sabe o segredo. Necesita da túa colaboración... atreveste?

#igualdade



19
sábado

e domingo
20 de marzo

‘A herdanza’, do Grupo San Roquiño

Sábado 19 de marzo. Primeiro pase ás 19.00 h, segundo pase ás 21.00 h | **Domingo 20 de marzo.** Primeiro pase ás 18.00 h, segundo pase ás 20.00 h

Esta largometraxa, feita con humor, xira arredor de tres irmáns cunha inmensa fortuna pero sen descendencia a quen deixarlle. Os veciños e veciñas tentan axudalos a resolver o problema.

Para todos os públicos

Auditorio de Goián

De balde



26
sábado

‘12 uvas, dúas mulleres e unha oliva’, da compañía Olivas Negras

Chegan as próximas badaladas de fin de ano. Atopámonos ante un espello no que mirarse, cuestionarse, quererse... Dúas actrices en escena, dúas mulleres nas que reflectirse a través das súas fraquezas e virtudes. Un mosaico de complicidades a través do tempo... e algún que outro conflito tamén. Unha historia de autosuperación e empoderamento feminino. Un espectáculo sorprendente e honesto en clave cómica – subversiva, no que o espectador terá tamén ocasión de observarse e viaxar con elas na procura duns soños tan anhelados como a última oliva que queda no prato.

Ás 21.00 h
Público adulto
Auditorio de Goián
De balde

#igualdade

—

abril



abril
primaveractiva _

02
sábado



‘Pink Unicorns’, con La Macana

O bailarín Alexis Fernández e seu fillo adolescente, Paulo, comparten escenario nunha peza de danza contemporánea enérxica, terna e divertida, na que exploran as relacións e as diferentes etapas da vida baixo a premisa das grandes diferenzas interxeracionais, determinadas principalmente pola tecnoloxía e a nova maneira da mocidade de comunicarse a través das redes. A procura dos puntos en común preséntanos un espectáculo no que, a través do corpo, establécese o diálogo entre pai e fillo.

Ás 21.00 h

Todos os públicos

Auditorio de Goián

Prezo: 5€, menores de 12 anos 2,5€

primaveractiva _



‘Lixo’, espectáculo infantil con O baúl da tía tola

A compañía O baúl da tía tola trae este espectáculo para desfrute familiar, aínda que pensado especialmente para nenos e nenas a partir de 2 anos. Nel as dúas protagonistas, unhas bailarinas moi peculiares, vivirán unha aventura na que teñen que crear cultura a través do lixo. As dúas comunicanse con pareados, móvense con pasos de ballet inventados por elas mesmas e axúdanse das luces para crear diferentes atmosferas ao longo de todo o espectáculo, dando así ritmo e rima a toda a obra.

03
domingo



Ás 17.30 h

Público infantil e familiar

Auditorio de Goián

Prezo: 3€
persoas adultas,
menores de 12 anos 1,5€

abril
_mocidade

08
venres

ata sábado
09 de abril

Horario do obradoiro: venres e sábado de 19.00 a 21.00 h

Evento de videomapping:
Sábado ás 22.00 h

A partir de 12 anos

Salón de Plenos do Concello de Tomiño

Prezo: 20€



Obradoiro de videomapping

Dende Navarra e a bordo da súa máquina voadora chega a Tomiño o artista visual Miguel Martínez Caraballo para impartir un obradoiro de videomapping sobre a fachada do concello. O alumnado asistente participará activamente durante dous intensos días de formación e proxectará sobre a fachada do concello o videomapping realizado. Será un “espectáculo espectacular”.

_mocidade

20
mércores

ata venres
18 de maio

Todos os mércores de 17.00 a 18.30 h

A partir de 12 anos

OMIX TOMIÑO

Prezo: 15€



Curso básico de pintura

Curso teórico-práctico de pintura básica para entender a teoría da cor, aprender a mesturar as cores dun xeito rápido e eficaz, facer gamas de cor e aplicalas nos cadros e así poder crear obras cunha técnica axeitada, fácil e rápida.

abril
primaveractiva –



23
sábado



‘O furancho’, de Ibuprofeno Teatro

Ibuprofeno Teatro traslada ao auditorio de Goián o seu furancho, no que se pode consumir o excedente de viño, que é sinónimo de humor, e gozar dun espazo de comunión e complicidade no que empaparse coa máis pura e sincera expresión da comedia hilariante. E para que non sexa de moito beber alcohol, no Furancho Spa resort vitivinícola Rosalía de Castro ofreceranse tratamentos de beleza e saúde baseados na viñoterapia. Un espazo de agroglamour e risas a esgalla sen química nin sulfitos, ecolóxico 100%.

Ás 21.00 h

A partir de 12
anos

Auditorio de
Goián

Prezo: 3€

primaveractiva –



24
domingo



‘Estrafalaria’, de Xarope Tulú

É un espectáculo que combina a narración oral coa manipulación de obxectos, onde o público participa activamente do relato. Os personaxes que interveñen na historia caracterízanse pola súa peculiaridade, levando a diferenza como bandeira. O obxectivo é transmitir a idea da diversidade como valor enriquecedor e imprescindible para que a sociedade evolucione cara a un mundo onde predomine a tolerancia, a solidariedade e a integración.

Ás 17.30 h

Público infantil e
familiar

Auditorio de
Goián

De balde

abril
– primavera activa

30
sábado



Ás 21.00 h


Público adulto, a
partir de 18 anos

Auditorio de
Goián

Prezo: 5€

‘Antes de que llegue la bestia’, da Compañía Ensalle

Besta. A través desta palabra a Compañía Ensalle amosará o que a besta política, económica e social deixa nos nosos corpos, a besta que xera unha besta en nós. Dende unha perspectiva actual os intérpretes desentrañarán como está construído o sistema, como nos afecta, como nos relacionamos con el, como evidenciamos a besta e como podemos destruír a evidencia. Este proxecto de medio formato combina diversas linguaxes escénicas como o teatro, a danza e o audiovisual.



—

maio



maio

– primavera activa

Rilla Rilla

14
sábado



Ás 21.00 h


Público familiar a
partir de 6 anos

Auditorio de
Goján

Prezo: 3€ adultos,
menores de 12
anos 1,5€

‘Rilla rilla’, de Xarope Tulú

Donas e cabaleiros, señoras e señores, picarada toda... Benvidas ao concurso sobre a lingua onde apañamos as palabras coma se fosen berberechos, onde o rotacismo forma parte da banda sonora e o seseo faranos viaxar entre valumada. Se non oístes falar do cínfre, ou non sabedes o que é un día de garabullos, se nunca se pousou en vós unha lagáchima, atendede! Preparádevos para recoller eses vocábulos que case nunca medran nos libros. Rilla-rilla é un espectáculo de pequeno formato dirixido a todos os públicos, que tenta pór de manifesto a variedade dialectal do noso idioma. A través do relato o público mergullarase nun mundo de rotacismos, un lugar con idiosincrasia propia que estivo aí sempre e ao que poucas veces lle poñemos atención. As ondas e o salitre hannos levar ao lugar das palabras esquecidas.



14 
sábado

ata sábado 11
de xuño

Curso de adestramento canino (iniciación)

Neste curso verase a comunicación cos nosos cans e/ou cadelas e o importante que é tela en conta diariamente; as diferentes opcións de materiais dispoñibles no mercado; utensilios de paseo, correas, arneses ou colares, xoguetes etc. Coñeceremos as necesidades das nosas mascotas, como satisfacelas axeitadamente e trataremos o adestramento básico para o día a día, como por exemplo unha chamada efectiva. Asistirase ao curso con acompañante canino e/ou como persoa oínte.

Todos os
sábados de
11.00 a 13.00 h

A partir de 12
anos

Escola
Obradoiro de
Goián

Prezo: 20€

primaveractiva _



15 
domingo

‘Queremos galego’, concerto musical de Pablo Díaz

Acompañado dos seus músicos, Pablo Díaz, leva moitos anos presentando as súas propostas musicais por toda Galicia, e alí onde vai, enche os auditorios. Algunhas das súas cancións son xa himnos para moita rapazada que descubre que os animais falan, que as estrelas cantan, e que todo, todo, está cheo de música e felicidade.

Ás 17.30 h
Público familiar
Auditorio de
Goián

Prezo: 3€
adultos, menores
de 12 anos 1,5€

maio
- mocidade

21
sábado



De 10.00 a 13.00 h
e de 16.00 a 20.00 h

A partir de 12 anos

Escola Obradoiro
de Goián

Prezo: 10€

Curso monográfico de cestería: a cesta mixta

Curso especializado nunha peza en particular, neste caso, a cesta mixta. Este curso dividirase en dúas partes, unha teórica e outra práctica. Na primeira parte achegaranse datos detallados sobre a peza a tratar e datos sobre a identificación das materia primas que se empreguen. Cada participante aprenderá a confeccionar, crear e compoñer a súa propia peza, coa guía que aporte o docente.



voluntariado _

Na primavera florece
o voluntariado!

Tomino
CONCELLO

Na primavera florece o voluntariado!

Faite voluntario/a!

Se estás a realizar de xeito activo algún tipo de voluntariado enmarcado nun programa ou proxecto municipal dende hai máis de seis meses e estás dado de alta como voluntaria ou voluntario faite xa co teu carné!

Servirache de acreditación, materializará o recoñecemento e valoración social da acción voluntaria e obterás unha serie de bonificacións ou reducións de prezos nalgúns servizos municipais e, proximamente, no uso de servizos e compras no ámbito privado.

Máis información en omix@tomino.gal

voluntariado –

CARNÉ DO VOLUNTARIADO LOCAL DE TOMIÑO

NOME:

APELIDOS:



DNI:

LOCALIDADE:

DATA DE NACEMENTO:



Tomino
CONCELLO

04
venres

▶ **Febreiro**
Comeza o noso Club de Lectura!

Nenos e nenas de 8 a 12 anos van realizar lecturas de diferentes temáticas, moi interesantes para o público infantil. As persoas voluntarias a cargo desta actividade van fomentar o uso da lingua galega, a lectura e o pensamento crítico. Levarase a cabo na OMIX de Tomiño de febreiro a novembro, en horario de venres de 16.30 a 17.30h. Prazas limitadas.

11
venres

▶ **Febreiro**
Día Internacional da Nena e da Muller na Ciencia: Veciñas na ciencia

O grupo de voluntariado de Tomiño vai contactar con mozas científicas e nenas ás que lles gusta a ciencia que se presten a facer unha mesa redonda ou un directo nas redes sociais onde compartan as súas experiencias persoais e/ou profesionais neste eido.


Prestade atención e contactade connosco para máis información!

17
martes

▶ **Maio**
Día das Letras Galegas

Conscientes do papel clave na transmisión das nosas tradicións e valores, traballaranse para promocionar actividades relacionadas coa nosa lingua e cultura, para fomentar a súa recuperación e posta en valor. Por este motivo o grupo de voluntariado vai deseñar e ofertar unha variedade de actividades para levar a cabo o 17 de maio co obxectivo de promover o uso normalizado do galego e transmitir a arte e as tradicións da nosa terra.

Ademais, como xa é tradición dende hai anos, realizarase un **concurso** para decidir o **deseño que levarían as camisetas** que recibirán as persoas que participen en todos os obradoiros no día das Letras Galegas.



primavera

programación
por áreas

primavera activa

febreiro

20/02 domingo

'Ás para Álex', de Baobab
Teatro

25/02 venres

Venres de Foliada

marzo

05/03 sábado

'Leira', de Nova Galega de
Danza

12/03 sábado

'A señora de Forcadela'

13/03 domingo #igualdade

Contacontos 'Procúrase Pepa
A Loba', de Cris Collazo

19/03 sábado ata o domingo

20 de marzo

'A herdanza', do Grupo San
Roquiño

26/03 sábado #igualdade

'12 uvas, dúas mulleres e
unha oliva', da compañía
Olivas Negras

abril

02/04 sábado

'Pink Unicorns', con La
Macana

03/04 domingo

'Lixo', espectáculo infantil con O
baúl da tía tola

23/04 sábado

'O furancho', de Ibuprofeno Teatro

24/04 domingo

'Estrafalaria', de Xarope Tulú

30/04 sábado

'Antes de que llegue la bestia',
da Compañía Ensalle

maio

14/05 sábado

'Rilla rilla', de Xarope Tulú

15/05 domingo

'Queremos galego', concerto
musical de Pablo Díaz

voluntariado

febreiro

04/02 venres

Comeza o noso Club de Lectura!

11/02 venres

Día Internacional da Nena e da
Muller na Ciencia: Veciñas na
ciencia

maio

17/05 martes

Día das Letras Galegas

≡ mocidade

febreiro

02/02 mércores ata o mércores 20 de abril
Curso de iniciación á guitarra

05/02 sábado
Curso básico de xaponés A1

marzo

01/03 martes ata o martes 22 de marzo
Obradoiro de iniciación á cociña vegana sen glute

04/03 venres ata o sábado 28 de maio **#igualdade**
Curso de autodefensa feminista

05/03 sábado ata o domingo 10 de abril
Curso de monitor/a de tempo libre (título oficial)

abril

08/04 venres ata o sábado 09 de abril
Obradoiro de videomapping

20/04 mércores ata o venres 18 de maio
Curso básico de pintura

maio

14/05 sábado ata o sábado 11 de xuño
Curso de adestramento canino (iniciación)

21/05 sábado
Curso monográfico de cestería: a cesta mixta

◇ educación


febreiro

07/02 luns
José Antonio Fernández Bravo
'Ensinar dende o cerebro de quen aprende'

08/02 martes
Maitane Alonso Monasterio
'1+1≠2'

09/02 miércoles
Clara Grima
'Na procura do grafo perdido'

10/02 xoves
Julio Basulto
'Educar dende a mesa'



Inscripcións:

 www.tomino.gal

 cultura@tomino.gal

 omix@tomino.gal

 +34 986 622 001

Praza do Seixo, 1
36740 Tomiño

Distribución gratuita
Poden existir alteracións da
programación e calendario
desta axenda

Tomino
CONCELLO

 XUNTA
DE GALICIA

 DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

 Xacobeo 21-22

AGADIC

 Agencia Galega das
Industrias Culturais